

ACTUAMOS!

Nesta nova proposta imos amosarlle á nosa familia o bos e boas **actores e actrices** que sodes. Todos estes xogos teñen como obxectivo principal traballar a vosa **expresión e esquema corporal**.

Nunca actuastes? Non importa, o único que precisamos é vontade e confiar nas nosas posibilidades.

1. Xogo corporal: bailador/a por partes

Neste xogo **cada parte do corpo móvese ao ritmo da música independentemente**.

Descrición: Para realizares este xogo necesitas un adulto ou irmán/á e tamén un reprodutor de música. Antes de comezar a música, o adulto indica unha parte do corpo: cabeza, pés, brazos, pescozo, xoellos, nocellos, pulsos, etc. e, ao soar a música, debes mover só esa parte do corpo. Cando a música parar, tes que ficar queda/o, sen moverte.

Regra: Debes estar moi atenta/o para escoitares as indicacións da persoa adulta e ficar queda/o cando a música parar. Tenta que a parte do corpo que danza non arrastre a outras partes do corpo en movemento. Deixaremos a música mobilice o corpo.

Que desenvolvemos con este xogo? O ritmo, o esquema corporal, a flexibilidade, a concentración e a activación corporal.



2. Xogo xestual: A natureza

Imos converternos en elementos da natureza.

Descrición: Neste xogo hai unha persoa que é guía e debe indicar ás demais o elemento da natureza no que se van converter. A seguir podes ver varios exemplos:

Convertémonos en:

- **Lume:** movementos intensos e rápidos en diferentes direccións.
- **Auga:** movementos suaves, pesados e fluído.
- **Ar:** pode ser lento ou rápido, forte ou débil.
- **Terra:** Pode moverse produto dun terremoto ou permanecer inmóbil.
- **Mais elementos:** árbores, animais, etc.

Que desenvolvemos con este xogo? O esquema corporal, a percepción segmentaria, a imaxinación e a creatividade, así como o control postural.



3. Xogo dramático: Que filme estou a representar?

As/os participantes terán que representar un filme co seu corpo e as demais persoas deberán adiviñar o título.

Descrición: Xunta a toda a familia para comezar o xogo. Unha persoa ten que representar co corpo un filme. Por exemplo: para representares o filme de Nemo, podes facer os movementos dun peixe.

Regra: Non se pode falar, non podes dicir ningunha palabra. O que si podes facer é algún son para axudar ás demais persoas a comprender a acción que estás a facer.

Que desenvolvemos con este xogo? A capacidade de observación, imitación, concentración e imaxinación.



REFERENCIAS DOCUMENTAIS

Aulas galegas (2020). Portal educativo galego. En: aulasgalegas.org.

Lavilla, Pepa (2010). *Taller de Teatro: juegos teatrales para niños y adolescentes*. Barcelona: Alba.